



Xamais me deas as costas, forasteiro...



Nesta nova crónica axúdvos a detectar os síntomas que por si mesmos nos permiten diagnosticar una enfermidade, o que se denomina 'patognomónicos', relacionados co celo das nosas vacas, co obxectivo de telas baixo control e evitar os seus efectos negativos, como poden ser a baixada da produción ou comportamentos agresivos cara a outros animais e humanos.

Antón Camarero
Veterinario de Adial

Amiúdo, os veterinarios temos que entrar ao patio onde están as vacas. Ás veces algunha se achega e incordia, ti afástala e ao cabo dun intre volve tentalo... e ti volves afastala. Tenta montar tamén outras vacas ou deixarse montar. É posible que asome pola vulva unha vela de limo transparente. Todos estes indicios nos fan sospeitar que esa vaca está en celo.

As vacas son animais 'poliétricos continuos'. Isto quere dicir que están en celo de forma regular durante todo o ano (independentemente da estación). No caso desta especie prodúcese máis ou menos cada 21 días. Ao final do celo ovula para ser fecundada e, se todo vai ben, en nove meses traerá unha cría.



Limo transparente saíndo da vulva


Outros animais, coma a egua, a cabra ou a ovella, son 'poliétricos estacionais', o que quere dicir que non presentan celo durante o inverno (cando a luz se ve moi reducida).

Nesta entrega continuamos vendo os síntomas que por si sós nos permiten diagnosticar unha enfermidade, que chamamos síntomas 'patognomónicos'. Aquí vai un exemplo que ten dúas interpretacións: unha patolóxica (enfermidade) e outra fisiolóxica (non enfermidade ou normal).

Podedes apreciar na figura 1 (páx. seg.) as diferenzas entre a foto da imaxe esquerda, na que a cada lado do nacemento da cola hai unha fenda, a cal non existe na imaxe da dereita?

Comezaremos pola interpretación fisiolóxica ou normal deste síntoma: anúncianos que o momento do parto está próximo. As hormonas producidas polo feto dan

Figura 1



Na foto esquerda, a cada lado do nacemento da cola obsérvase unha fenda, a cal non existe na imaxe da dereita

► AS VACAS SON ANIMAIS 'POLIÉSTRICOS CONTINUOS'. ISTO QUERE DICIR QUE ESTÁN EN CELO DE XEITO REGULAR DURANTE TODO O ANO, INDEPENDENTEMENTE DA ESTACIÓN

un sinal que estimula na nai unha sobreproducción de estróxenos. Estes abrandan os ligamentos que unen os ósos que forman a cadeira e o sacro. Entón, a cabeza do feto empurrada polas contraccións da nai dilata o espazo entre os ósos e aumenta a amplitude da chamada 'canle do parto'. Isto facilita a saída do xato e que a vaca poida parir con facilidade.

A outra interpretación deste síntoma é o de 'vaca cortada' (así é como se coñece no léxico gandeiro): indica unha enfermidade e dise que é patolóxica. O folículo ovárico (unha bocha no ovario que contén un líquido rico en estróxenos e un óvulo nadando no seu interior) rompe (ovulación) para entrar nas trompas. Este óvulo pode ou non ser fecundado. Isto é o que ocorrería de forma normal ao final do celo.

Que ocorre ás veces? Pois que o folículo medra e medra de forma desmesurada e pasa de ter o tamaño dunha oliva (que sería o tamaño habitual) ao dunha laranxa grande. Así non hai ovulación e prodúcese o que se coñece como 'quiste ovárico'. O celo, que duraría un día en circunstancias normais, non cesa. Prodúcese estróxenos sen parar (que é a hormona que produce as manifestacións do celo). As vacas incrementan o apetito sexual e déixanse montar, montan elas outras vacas... e mesmo outros animais –ou persoas– sen control.

Os estróxenos tamén son os responsables da relaxación dos ligamentos, o que dá o aspecto que os gandeiros chaman de 'vaca cortada'. O canto dunha man cabe entre estes dous ósos e dá a impresión de que a grupa está cortada. Esta sospeita podemos verificala co achado

do quiste ovárico, ben por palpación rectal ou nunha pantalla coa axuda dun ecógrafo.

Como é moi importante que si-gan a dar leite, hoxe en día nas ganderías lácteas as vacas son supervisadas polo menos unha vez ao mes. Identifícase entón que vacas están preñadas. Ao estar baixo este control, é máis raro ver 'ninfomanías' (é como se chama esta enfermidade), pois se tratan antes.

En Galicia, cando as avoas da casa eran as encargadas de levar e traer as vacas ao pasto, era unha noticia típica na prensa (e desgraciadamente ocorría case todos os anos) que unha avoa despistada morrese esmagada ao tentar ser montada por unha vaca.

Se estades con vacas nun establo ou no pasto, non lles deades nunca as costas ou poderíades morrer de amor, en serio.

Ata a vindeira entrega! ■

RAIADO OU SALPICADO

DE SUPERFICIES DE FORMIGÓN

☎ 981 88 05 50
📞 641 55 06 56

**Remedio a
pisos
eskorregadizos**

- ✓ Reduce gastos veterinarios
- ✓ Aumenta a seguridade
- ✓ Aumento de celos

...